

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2013 pola que se regula a convocatoria e a selección de centros docentes dependentes desta consellería para participar en actividades de inmersión lingüística en inglés dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

O Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras pretende, entre outros obxectivos, desenvolver unha serie de accións de formación en linguas estranxeiras conducentes a mellorar a competencia nelas por parte do alumnado.

Máis concretamente, intenta que ao remate da súa educación e formación escolar mellore a competencia lingüística nunha lingua estranxeira, basicamente en inglés, de xeito que lle permita ser unha persoa independente nela.

Por este motivo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria organizará unha serie de actividades de formación que se desenvolverán durante o curso escolar, nunha residencia situada en Galicia, en réxime de internado.

Estas actividades consisten en estadías dunha semana de duración, organizadas en cinco quendas que se celebrarán entre os meses de novembro e decembro de 2013.

O programa das actividades procurará, por unha banda, a inmersión en lingua inglesa do alumnado, de xeito que lle permita desenvolver nun contorno real a súa comunicación, e, por outra, complementar esta formación con actividades de carácter cultural e/ou deportivo.

De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral,

DISPÓN:

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto regular a convocatoria e a selección de centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para



participar en actividades de inmersión en lingua inglesa dirixidas a alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria durante o ano 2013.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos cales se impartan ensinanzas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

2. Quedarán excluídos desta convocatoria aqueles centros que resulten seleccionados no Programa de inmersión lingüística do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte durante o outono de 2013.

Sección 2ª. Actividades de formación

Artigo 3. *Obxectivos e programa das actividades*

As actividades a que se refire esta resolución desenvolveranse de acordo co obxectivo e co programa que se especifican no anexo II.

Artigo 4. *Duración e datas de realización das actividades*

1. Estas actividades realizaranse en réxime de internado, en períodos semanais de domingo pola tarde ata o sábado seguinte pola mañá.

2. Levaranse a cabo durante os meses de novembro e decembro de 2013, de acordo co seguinte calendario:

- a) 1ª quenda: do 3 ao 9 de novembro, para alumnado de 6º de primaria.
- b) 2ª quenda: do 10 ao 16 de novembro, para alumnado de 1º de ESO.
- c) 3ª quenda: do 17 ao 23 de novembro, para alumnado de 2º de ESO.
- d) 4ª quenda: do 24 ao 30 de novembro, para alumnado de 3º de ESO.



e) 5ª quenda: do 8 ao 14 de decembro, para alumnado de 4º de ESO.

Sección 3ª. Organización e financiamento das actividades

Artigo 5. Organización das actividades

1. A xestión e a organización das actividades levarase a cabo por medio de empresas coa debida cualificación, contratadas para o efecto pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Ocuparanse de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas asistentes.

2. Os centros educativos seleccionados solicitarán e custodiarán as autorizacións dos pais, nais ou persoas titoras legais do alumnado, segundo o modelo que figura no anexo V.

3. Os centros que resulten seleccionados enviarán ao Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa a listaxe de alumnado participante, antes do día 20 de outubro de 2013. No caso de producirse, con posterioridade, algún cambio nesa listaxe, deberá comunicarse coa maior brevidade por correo electrónico.

4. As familias ou, de ser o caso, os centros educativos encargaranse do traslado do alumnado á residencia en que se realizarán as actividades e da súa recollida ao remate delas. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e os centros educativos non asumirán os gastos derivados destes desprazamentos.

5. O alumnado que contraveña calquera das normas da residencia será expulsado inmediatamente. No caso de expulsión, serán os pais, nais ou titores legais os que se fagan cargo do traslado do ou da menor.

Artigo 6. Financiamento das actividades

O custo total de cada actividade inclúe:

a) Os monitores ou monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade.



- b) Os gastos de docencia e o material escolar.
- c) As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.
- d) Os gastos de mantenza e aloxamento.
- e) O certificado de realización da actividade.
- f) O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Sección 4ª. Proceso de solicitude e selección dos centros

Artigo 7. Solicitudes e documentación

1. Para participar nesta convocatoria, os centros educativos deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitude, no modelo que se xunta como anexo I desta resolución.
- Certificación da aprobación polo Consello Escolar da participación nestas actividades, segundo o modelo que figura no anexo III.
- Proxecto de participación, cun máximo de cinco folios, segundo o modelo que figura no anexo IV.
- Informe da Inspección educativa.

2. Cada centro poderá participar cun máximo de 25 alumnos e/ou alumnas, todos do mesmo nivel educativo.

3. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas enti-



dades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

4. O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 30 de setembro de 2013.

Artigo 8. *Criterios de selección dos centros*

1. Os centros serán seleccionados conforme os seguintes criterios e puntuación:

- a) Por formar parte da rede de centros plurilingües, 2 puntos.
 - b) Por contar con seccións bilingües, ata 2 puntos: 0,20 puntos por cada sección bilingüe que estea en funcionamento durante o curso 2012/13.
 - c) Pola participación no programa de acompañamento escolar en linguas estranxeiras, 2 puntos.
 - d) Pola participación no programa Cuale, ata 2 puntos: 0,20 puntos por cada modalidade.
 - e) Centros en cuxo contorno sociocultural predominen familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas, minorías étnicas, inmigrantes de lingua materna distinta á do centro, entre outros, ata 2 puntos.
 - f) Centros situados en localidades rurais que non participen na rede de centros plurilingües ou non sexan centros con seccións bilingües, ata 2 puntos.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, 2 puntos.



- Concellos de entre 1.000 e 3.000 habitantes, 1,50 puntos.
- Concellos de entre 3.000 e 5.000 habitantes, 1 punto.
- Concellos de entre 5.000 e 10.000 habitantes, 0,50 puntos.

Artigo 9. *Comisión de Selección*

1. Baixo a presidencia da persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado constituirase unha comisión de selección que se encargará de valorar as solicitudes.

2. A Comisión estará integrada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, a persoa titular da xefatura do Servizo de Formación do Profesorado, a persoa titular da xefatura do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa, e unha persoa asesora da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que realizará as funcións de secretaría. As persoas subdirectoras poderán ser substituídas por xefes/as de servizo, se é o caso.

3. A Comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos previstos no artigo 8.

4. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Artigo 10. *Procedemento de selección dos centros*

1. A Comisión de Selección realizará unha preselección segundo a puntuación obtida conforme os criterios que figuran no artigo 8 desta convocatoria. En caso de empate entre os centros, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na alínea a).
- b) Maior puntuación na alínea c).



De manterse o empate, terá preferencia o centro que teña maior puntuación na alínea f).

2. Finalizada a preselección, a Comisión fará pública a resolución provisional, que se difundirá no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (<http://www.edu.xunta.es>) na internet.

3. Nesta resolución figurarán os centros seleccionados, xunto coa quenda que lles corresponde, os centros que quedan como suplentes e os centros excluídos.

4. A exposición abrirá un prazo de cinco días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a Comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que resolverá a relación final dos centros seleccionados.

5. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das quendas, por proposta motivada pola Comisión de Selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras quendas e/ou modificar o nivel a que vai dirixida algunha destas quendas.

6. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.es> e no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo de cinco meses sen que se lle notificase a resolución expresa, o solicitante poderá entender rexeitada a súa solicitude, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2013

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO CONVOCATORIA DE ACTIVIDADES DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS A ALUMNADO DE SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED504F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
CENTRO	CÓDIGO DO CENTRO	NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (nome do/a director/a) (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido no dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesaria se coincide co anterior)			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

NIVEL SOLICITADO	Nº ALUMNOS/AS
------------------	---------------

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marque cunha X o que proceda):

Certificación de aprobación polo Consello Escolar da participación nestas actividades (anexo III).

Proxecto de participación de acordo co modelo recollido no anexo IV.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 5 de xullo de 2013 pola que se regula a convocatoria e a selección de centros docentes dependentes desta consellería para participar en actividades de inmersión lingüística en inglés dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar y fecha _____, _____ de _____ de _____



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


ANEXO II

Obxectivo e programa das actividades

1. O obxectivo principal deste programa é proporcionar lle ao alumnado participante unha actividade de inmersión lingüística que lles permita mellorar as súas destrezas de comprensión e expresión oral en inglés, a través de actividades non só académicas senón tamén de carácter cultural e/ou deportivo, que servirán de reforzo ao programa ordinario do currículo dos alumnos e das alumnas.

2. O desenvolvemento das actividades terá lugar en períodos semanais. O comezo da actividade terá lugar un domingo pola tarde e a saída un sábado pola mañá, polo que a duración será de cinco días completos e seis noites.

As actividades desenvolveranse entre os meses de novembro e decembro de 2013.

3. O contido dos cursos inclúe un programa de actividades académicas, deportivas, de tempo libre e obradoiros. En calquera caso, a finalidade do programa é promover a convivencia entre os/as estudantes e a motivación pola comunicación en inglés, facendo uso de medios tecnolóxicos que favorecen a dita aprendizaxe.

4. A metodoloxía será activa, lúdica e cooperativa; promoverá aprendizaxes significativas por parte do alumnado, incidindo na educación en valores democráticos e nos aspectos relacionados coa sustentabilidade e co coñecemento do contorno.

ANEXO III

Aprobación polo Consello Escolar da solicitude de participación na convocatoria de actividades de inmersión lingüística dirixidas a alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria

Don/Dona....., en calidade de secretario/a do Consello Escolar do centro educativo Código do municipio de

Fago constar:

1. Que o Consello Escolar do centro coñece o contido e as características da resolución para a participación do centro educativo na convocatoria de actividades de inmersión



lingüística dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

2. Que o Consello Escolar, na sesión do día de de 2013.

Se mostrou favorable a participar na convocatoria de actividades de inmersión lingüística.

Resultado da votación:

- Número de integrantes do Consello Escolar con dereito a voto:
- Número de integrantes do Consello Escolar con dereito a voto presentes na votación:
- Número de votos favorables á presentación da solicitude de participación:
- Número de votos contrarios á presentación da solicitude de participación:
- Número de votos en branco:
- Número de votos nulos:

E, para que conste, asínoo no lugar e na data indicados.

, de de

Visto e praxe

Presidente/a do Consello Escolar

Secretario/a

Asdo.:

Asdo.:

ANEXO IV

Guión para a elaboración do proxecto

1. Breve xustificación da solicitude de participación nas actividades.
2. Nivel e nº de alumnado para o cal se solicita a participación nas ditas actividades.
3. Relación de niveis e áreas ou materias do centro solicitante que se imparten en inglés.



4. Participación en programas relacionados co Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras:

- a) Rede de centros plurilingües.
- b) Seccións bilingües (indicar o número de seccións).
- c) Programa de acompañamento escolar en linguas estranxeiras.
- d) Cuale (indicar o número de modalidades do programa).

5. De ser o caso, situación nun contorno sociocultural en que predominen familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas, minorías étnicas ou inmigrantes de lingua materna distinta á do centro, entre outros.

6. De ser o caso, centros situados en localidades rurais que non participen na rede de centros plurilingües ou non sexan centros con sección bilingües.

ANEXO V

Autorización do pai, nai ou titor/a legal do alumnado

Don/a _____,
como pai/nai/titor/a legal do/da solicitante, autorizo a (nome e apelidos do/da alumno/a) _____
_____, a participar nas actividades de inmersión lingüística dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria e organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o ano 2013. Así mesmo, comprométome ao traslado do/da meu/miña fillo/a ao lugar de Galicia onde se realicen as actividades e á posterior recollida ao remate delas.

_____, ____ de _____ de 2013

